

ANUNCIO

Asunto: ACEPTACIÓN RENUNCIA DE FUNCIONARIA INTERINA, AUXILIAR ADMINISTRATIVA, SILVIA CASTELO FERNÁNDEZ E SEGUNDA ACTUALIZACIÓN DA LISTA DE ASPIRANTES A AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

Faise público que en data 06.02.2026 ditouse a Resolución da alcaldía núm. 160/2026 cuxa parte dispositiva, no que aquí interesa, dispón:

PRIMEIRO.- Aceptar de plano a renuncia presentada por Silvia Castelo Fernández con efectos do día 08.02.2026 como funcionaria interina auxiliar administrativa, ao abeiro do disposto nos artigos 24.2 e 64 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia e, en consecuencia, declarar o seu cesamento como funcionaria interina con efectos do 08.02.2026, o cal deberá ser debidamente formalizado, procedendo a dala de baixa na Seguridade Social.

SEGUNDO.- Comunicar a Silvia Castelo Fernández o pase ao último lugar da lista de aspirantes a auxiliar administrativa ao renunciar ao seu posto de traballo unha vez aceptada a contratación, según se recolle na base cuarta das bases reguladoras da lista de aspirantes a auxiliar administrativo/a aprobada ao abeiro da convocatoria feita por R.A. 795/2022, do 03.06.2022.

TERCEIRO.- En consecuencia do anterior, actualizar a lista de aspirantes a auxiliar administrativo/a resultante da convocatoria feita por R.A. 795/2022 do 03.06.2022, quedando o listado, segundo o que antecede, como segue:

Núm.	Apelidos e nome	Situación
1.	Xoana Carpenté Cadaveira	Dispoñible
2.	Ana Rozas Meilán	Dispoñible
3.	Sara Saavedra Rico	Dispoñible
4.	Elena Pérez Corral	Primeira renuncia non xustificada. Pase ao último lugar
5.	Silvia Castelo Fernández	Renuncia ao posto. Pase ao último lugar

CUARTO.- Notificar a presente resolución à interesada, comunicándolle que pon fin à vía administrativa e poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mês, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Transcorrido un mês dende a interposición o recurso potestativo de reposición sem que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se entenda desestimado por silencio administrativo.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

QUINTO.- Comunicar a presente resolución aos departamentos de Intervención e Persoal.

SEXTO.- Publicar un anuncio relativo à presente resolución no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.



En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sra. Alcaldesa, Alejandra Permuy Meizoso.

C.D.: fJhIGjn+077gwIrfjDM2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.fene.gal/>
C.I. F.: P-1500960-G